

# **BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 25 DE OUTUBRO DE 2012.**

## **ASISTENTES:**

### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

### Concelleiros:

D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero

### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:15 horas do día vinte e cinco de outubro de dous mil doce, xuntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

A concelleira, Isabel Sesar Otero, incorporase a sesión as 13:15 horas.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vazquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

## **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES**

Coñecida polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 30/08/2012, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade acordou:

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 30/08/2012.

## **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO**

### **2.1.- ESCRITOS OFICIAIS**

#### **2.1.1.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN DA OBRA INSONORIZACIÓN E DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO NO EDIFICIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES.-**

Pola secretaria dase conta do escrito enviado polo Deputación Provincial da Coruña, Sección de Educación, Cultura e Deportes, rexistro de entrada no concello co nº 1587 con data 02/10/2012 no que se comunica a aprobación da xustificación de subvención concedida en virtude da

convocatoria de subvencións publicada no BOP nº 242, de data 22/12/2010, correspondente ao exercicio 2011: Insonorización e dotación de equipamento no edificio de servizos múltiples por importe de 17.991,56 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.2.- ESCRITO DO LETRADO-ASESOR XURÍDICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

Pola secretaria dase conta do escrito remitido polo letrado da Deputación Provincial, así como ao SENTENZA de data 05/07/2012 recaída no procedemento ordinario 1887/2008, ditada pola Sala do Contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, con rexistro de entrada neste concello co nº 1588 en data 02/10/2012, no que se acorda “.. *Que debemos inadmitir y inadmitimos el presente recurso contencioso administrativo interpuesto por el procurador D. Manuel Sánchez Puelle González-Carbajal, actuando en nombre y representación de la Asociación de la Escala de Funcionarios de la Administración Local con Habilitación Nacional AESFAL, contra la Resolución de 20 de mayo de 2008 de la Dirección General de Cooperación Local por la que se da publicidad a las bases del concurso ordinario y convocatorias específicas para la provisión de puestos de trabajo reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal y específicamente a las bases específicas y correspondientes a las convocatorias aprobadas por la Diputación Provincia de Lugo (puesto: Tesorería), por el Ayuntamiento de O Porriño (puesto: Tesorería), por el Ayuntamiento de Bergondo (puesto: Intervención de clase segunda), Ayuntamiento de Boimorto (puesto: Secretaría de clase tercera) y Ayuntamiento de Mondoñedo (puesto: Secretaría de clase tercera), al concurrir la falta de legitimación pasiva de la Administración demandada. Sin hacer expresa imposición de costas ...*”

### **2.1.3.- RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE AGADER DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR DE CONCESIÓN DE AXUDA PARA PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA 2012-2013**

Pola secretaria dase conta do escrito enviado polo organismo AGADER da Consellería do Medio Rural e do Mar, rexistro de entrada no concello co nº 1689 con data 19/10/2012 no que se notifica a resolución do director xeral de data 8 de outubro de 2012 de concesión de axuda para a execución do proxecto Mellora do centro de día e miniresidencia do Concello de Boimorto.

Orzamento presentado (C/IVE): 127.654,73 €

Orzamento aceptado: 108.181,97 €

% axuda: 90,96 %

Importe da axuda: 98.402,32 €

Advirte Secretaría da necesaria autorización antes das obras pola/s Consellería/s competeste/s deste proxecto de obra, proxecto técnico a redactar por profesional competente.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.4.- COMUNICACIÓN ACORDO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN TR351A 2012/32-1**

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada no concello co nº 1716 con data 22/10/2010 no que comunica o acordo de revogación parcial da subvención concedida para a contratación de peóns de medio ambiente a través dos programas de cooperación para o ano 2012. O importe de dita

revogación ascende a 735,30 euros. Iníciase o procedemento de pagamento por un importe de 5.232,30 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.5.- CERTIFICACIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA CANTIDADE A TRANSFERIR POLA PRESTACIÓN AXUDA NO FOGAR**

Pola secretaria dáse conta da certificación enviada polo Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada no concello co nº 1692 con data 19/10/2012, da cantidade que se liquidará e transferirá a este Concello correspondente ao 3º trimestre de 2012 pola prestación de axuda no fogar: 10.826,46 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **2.2.- ESCRITOS PARTICULARES**

### **2.2.1.- ESCRITO DA ASOCIACION PROVINCIAL DE INDUSTRIAIS ELECTRICISTAS E DE TELECOMUNICACIONES DA CORUÑA INFORMANDO SOBRE A IMPORTANCIA DA SOLICITUDE DE DOS BOLETÍNS DE TELECOMUNICACIÓN NA CONCESIÓN DAS LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E REFORMA**

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola entidade ASINEC (Asociación Provincial Industriais Electricistas e de Telecomunicacións da Coruña), rexistro de entrada no concello co nº 1633 con data 10/10/2012 solicitando que tanto nos trámites de concesión de licenza de primeira ocupación como nos de reforma/rehabilitación constaten a debida presentación e aprobación do boletín da ICT ante a súa Xefatura Provincial de Telecomunicacións, cumprindo así coa lexislación vixente que obriga a súa solicitude.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.2.2.- ESCRITO DE INFORMACIÓN DIRIXIDO AO DEPARTAMENTO DE URBANISMO DA ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DE INSTALADORES DE FONTANERÍA, GAS, CALEFACCIÓN, CLIMATIZACIÓN E AFINES DA CORUÑA**

Pola secretaria dase conta da documentación presentada no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Coruña o día 3.10.2012 a entidade AGASCA (Asociación Empresarial de Instaladores de Fontanería, Gas, Calefacción, Climatización e Afines da Coruña), rexistro de entrada no concello co número 1604 con data 5/10/2012, no que informa que por parte dos asociados foi detectada que nalgúns edificios novos están sendo concedidas licenzas de construción e de primeira ocupación, a proxectos de arquitectura e CERTIFICADOS FIN DE OBRA, que non cumpren coa normativa vixente (CTE artigo 15.4).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as

### **2.2.3.- ESCRITO DE D. DANIEL PETEIRO LÓPEZ**

Pola secretaria dase conta do escrito presentado por D. Daniel Peteiro López con DNI nº 44845379W con domicilio a efectos de notificacións no lugar de Fontao, parroquia de Brates, con rexistro de entrada neste concello co nº 1720 con data 23/10/2012, no que solicita deste Concello autorización para poder pasar pola finca núm. 295 da zona de concentración parcelaria de Santa María de Buazo co tendido eléctrico e dotar de subministro eléctrico a nave destinada a explotación de polos que esta construíndo na parcela 294

A Xunta de Goberno Local, con 3 votos a favor, non estando presente Isabel Sesar Otero  
**ACORDOU**

**PRIMEIRO.-** Comunicar a D. Daniel Peteiro López que a petición que formula no seu escrito deberá dirixirse ao Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural por ser a Xunta de Galicia a titular da masa común número 295 da zona de concentración parcelaria de Santa María de Buazo.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado.

#### **2.2.4.- ESCRITO DE D. JOSÉ JIMENEZ GARCÍA**

Pola secretaria dase conta do escrito presentado por D. José Jimenez García con DNI nº 36894552E con domicilio a efectos de notificacións no lugar de Campo da Lanza, parroquia de Ánxeles, con rexistro de entrada neste concello co nº 1736 con data 25/10/2012, no que expón que o pino que está en frente a súa vivenda está cuberto de mosquitos pequenos que entran para dentro da súa vivenda polas persianas e solicita que se fumigue o pino para evitar que sigan entrando.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade  
**ACORDAN:**

**PRIMEIRO.-** Comunicar a D. José Jimenez García que este asunto non é competencia municipal.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado.

### **3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS**

#### **3.1.- LICENZAS**

##### **3.1.1.- DENEGACIÓN DE LICENZA PARA A PLANTACIÓN DE PINO NAS FINCAS DENOMINADAS DA ZANCA E ZANCA DE ATRÁS, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL SÁNCHEZ LORENZO**

Visto o expediente de solicitude de licenza tramitado a instancia de D. Manuel Sánchez Lorenzo, en posesión do DNI núm. 76517928X e con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Puñin-Visantoña s/n, 15808 Santiso, solicitude con rexistro de entrada do concello núm. 1482 de data 17/09/2012 para a plantación de pino nas fincas denominadas Da Zanca e Zanca de Atrás.

Con data 8/10/2012 o técnico urbanístico municipal emitiu informe sinalando unha serie de observacións, polo que o 11/10/2012 rexistro de entrada 1650 por D. Manuel Sánchez Lorenzo presenta escrito indicando que as fincas que pretende plantar son as nº 6 e 156 do polígono 8.

Visto o informe emitido polo servizo técnico urbanístico con data 15/10/2012, asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de planeamento e urbanismo de Cerne Ingeniería, S.A., empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto que se reproduce literalmente:

<<Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

**INFORME:**

Con data 17 de setembro de 2.012, número de rexistro 1.482, D. Manuel Sánchez Lorenzo presentou escrito no concello de Boimorto no que se solicita "autorización para proceder a la plantación de pino en las fincas de su propiedad denominadas Da Zanca y Zanca de Atrás".

Con data de outubro de 2.012 os servizos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións.

Con data 11 de outubro de 2.012, n1 de rexistro 1.650, D. Manuel Sánchez Lorenzo presentou escrito no concello indicando que as fincas que pretende plantar son as nº 6 e 156 do polígono 8.

Boimorto conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente mediante Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 6 de febreiro de 2.007, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 de 28 de febreiro de 2.007.

De acordo co establecido na disposición adicional decimo sétima da lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, que modifica a disposición transitoria primeira, letra f), da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, *"ao solo clasificado polo planeamento vixente como no urbanizable ou rústico, incluso conforme ao previsto no artigo 32 da presente lei ou na súa redacción anterior á modificación, a través da ley 2/2010, do 25 de marzo, aplicaráselle integramente o disposto na presente lei para o solo rústico"*. Neste sentido, o artigo 31 da LOUGA establece que os propietarios de terreos clasificados como solo rústico poderán levar a cabo, entre outras accións, as repoboacións forestais.

Sen embargo, o artigo 67 da lei 7/2012, de 28 de xuño de montes de Galicia, establece o seguinte:









Polo exposto, nas fincas nº 6 e 156 do polígono , denominadas da Zanca e Zanca de Atrás, non poderá levarse a cabo a plantación de pino solicitada.

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto a 15 de outubro de 2.012.

Fernando Delgado Juega  
CERNE INGENIERÍA S.A>>

Visto canto antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Denegar a licenza a D. Manuel Sánchez Lorenzo para a plantación de pino nas fincas número 6 e 156 do polígono 8 polos motivos que se expoñen no informe técnico transcrito nos considerandos do presente acordo.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos indicando o réxime de recursos.

### **3.2.- PERMISOS AUTORIZACIÓNS**

#### **3.2.1.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 13/2012**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1656, con data 15/10/2012, presentada por D. Manuel Pintor Vázquez, con domicilio a efectos de notificacións en R/ Teniente General Gómez Zamolla, 9 3º D, 15005 A Coruña, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 5 do lugar de Cruceiro, parroquia de Dormeá, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa da rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Manuel Pintor Vázquez, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 5 do lugar de Cruceiro, parroquia de Dormeá, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ó interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

**3.2.2.- MANIFESTACIÓN DE CONFORMIDADE CON CONDICIONANTES EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. PARA A OBRA AMPLIACIÓN DE POTENCIA C.T. A CABRITA.**

Visto o escrito con número de rexistro de entrada neste Concello 1617 en data 08/10/2012 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria, no que solicita en cumprimento do disposto no Título VII do Real Decreto 1955/2000 do 1 de decembro que se preste conformidade ou oposición e de ser o caso condicionantes técnicos para as obras de Unión Fenosa Distribución AMPLIACIÓN DE POTENCIA C.T. A CABRITA expediente nº IN407A 172/2012.

Visto o expediente tramitado, e o informe os servizos técnicos municipais de data 15/10/2012 asinado por D. Ángel Delgado Cid, así como sinalando a Secretaria que tratándose de proxectos de instalacións de produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica o artigo 124 do Real Decreto 1955/2000 de 1 de decembro polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica esixe previamente sexan sometidos a avaliación de impacto ambiental.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Manifestar ante a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia a súa conformidade en relación coa execución en Boimorto das obras de Unión Fenosa Distribución AMPLIACIÓN DE POTENCIA C.T. A CABRITA expediente IN407A 172/2012 baixo as condicións que seguen:

.- Segundo artigo 124 do Real Decreto 1955/2000 de 1 de decembro polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica esixe que previamente o proxecto sexa sometido a avaliación de impacto ambiental.

.- Obtención de autorización da Deputación Provincial da Coruña ao encontrarse dentro da liña límite de edificación da estrada provincial CP-603.

.- O promotor do proxecto, Unión Fenosa Distribución, S.A. deberá solicitar ante este Concello licenza de obra.

.- Antes de licenza terá que estar aprobado o proxecto pola Consellería de Economía e Industria.

**SEGUNDO.-** Certificación deste acordo sexa remitida á Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria.

**4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS**

**4.1.- URBANISMO**

**4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 25/2012) PARA SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA DA VIVIENDA UNIFAMILIAR NO NÚMERO 3 DO LUGAR DE VILAR, PARROQUIA DE ÁNXELES, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL GARCÍA MONTERO.**

Visto expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de D. Manuel García Montero, con DNI nº 33132852H, e con domicilio para os efectos de notificacións en Lg. Vilar núm. 15, parroquia de Ánxeles, 15816 Boimorto, solicitude con entrada no concello nº 1545 con data 25/09/2012, para a realización das obras de substitución de cuberta da vivenda unifamiliar sita no número 3 do lugar de Vilar, parroquia de Ánxeles (solo rústico) segundo valoración presentada.

Vista a autorización do Servizo de Vías e Obras Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, da estrada CP-1001 de data 20/09/2012.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, con data 2/10/2012 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo rústico coas categorías de protección agropecuaria e protección de infraestruturas.

Advertindo Secretaría que deberase antes de outorgarse licenza informar sobre se é unha edificación fora de ordenación ou non, e é necesaria a reposición da legalidade urbanística e procedemento sancionador no seu caso, e que en solo rústico aplícase a Lei 9/2002 e non o PXOM de Boimorto dende agosto de 2012, vista a Disposición adicional 17 da Lei de vivenda de Galicia.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Manuel García Montero, con DNI nº 33132852H (LO 25/2012), para a realización das obras de substitución de cuberta da vivenda unifamiliar sita no número 3 do lugar de Vilar, parroquia de Ánxeles (solo rústico) segundo valoración presentada

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Deberase axustar ao contido na autorización do Servizo de Vías e Obras Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, da estrada CP-1001 de data 25/10/2012

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: **4.000,00 €**

Liquidación 2%: **80,00 €**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Manuel García Montero, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

#### **4.1.2.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA URBANA NA RÚA CAMPO DO ROSARIO. LICENZA URBANÍSTICA Nº 30/2012**

Vista solicitude presentada (con entrada en data 04/10/2012 nº 1598) por Dna. María Lorenzo Otero, acompañada de Proxecto de parcelación en Rúa Campo do Rosario, finca urbana, parcela con referencias catastrais 0615704NH7601N000UU e 0615704NH7601N000II, redactado polos arquitectos D. Roberto Costas Pérez e Dna. Ana Belén Domínguez Santalla, colexiados números 2.826 e 3.428 respectivamente, visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia en data 28/09/2012, segundo consta no proxectos os promotores son Dna. Maria Lorenzo Otero e D. Fernando Pérez Navia.

A parcela está cualificada no PXOM como solo de urbano, coa ordenanza de edificación intensiva e solo rústico de protección agropecuaria, conta cunha superficie bruta segundo recente medición de 1.292 m<sup>2</sup>, atópase libre de edificación e preténdese a segregación en dúas parcelas.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza de segregación dos servizos técnicos municipais asinado por D. Fernando Delgado Juega en data 15/10/2012 e fundamentando o informe no artigo 11 e 99 do PXOM de Boimorto e nos artigos 205 e 207 da Lei 9/2002 LOUPMR de Galicia, modificada pola Lei 2/2010, de 25 de marzo.

Visto o informe de Secretaría que consta no expediente de data 25/10/2012

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Outorgar, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de segregación á Dna. María Lorenzo Otero para segregar a finca urbana sita na Rúa Campo do Rosario, con referencias catastrais 0615704NH7601N000UU e 0615704NH7601N000II, cunha superficie inicial de 1.292 m2 en:

A) Finca matriz (A) de 1.192,00 m2 cun fronte mínimo a vía pública de 10,89 m.

B) Finca B de 100,00 m2 cun fronte mínimo a vía pública de 8 m.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de segregación ás seguintes condicións:

.- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- A segregación respetará o establecido nos artigos 205 e 207 da Lei 9/2012 e o PXOM do Concello de Boimorto.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo á interesada aos efectos oportunos indicando o réxime de recursos.

#### **4.1.3.-LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 31/2012) PARA CONSTRUCCIÓN DE GALPON NO LUGAR DE IGREXA, PARROQUIA DE DORMEÁ, TRAMITADO A INSTANCIA DE D. MANUEL TABOADA VEIGA.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Manuel Taboada Veiga, con DNI núm. 76474133F, e con domicilio a efectos de notificación no lugar de Igrexa núm. 6, parroquia de Dormeá, Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 438 de data 09/04/2012 para reforma de galpón no lugar de Igrexa, parroquia de Dormeá, pertencente a este termo municipal (solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario denso) acompañando de “Proxecto de Ejecución de reforma de galpón” proxecto redactado polo arquitecto D. Manuel Varela Caabeiro, colexiado nº 2117, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 22/03/2012.

Con data 18/04/2012 os servizos técnicos municipais emitiron informe técnico no que clasifica a obra como maior dentro do art. 17 do PXOM deste Concello, e sinalando que as obras a realizar non son de reforma senón que son de obra nova, así como sinala unha serie de observacións.

Con data 11/06/2012 núm. rexistro de entrada 829 preséntase “Proyecto Modificado de Básico y de Ejecución de reforma de galpón (pasa a ser obra nueva)”, redactado polo mesmo arquitecto e visado co mesmo número.

Con data 25/06/2012 os servizos técnicos municipais emitiron informe técnico sinalando que no novo proxecto se segue a considerar a obra como de reforma, aínda que a súa vez indica que pasa a ser obra nova, así como sinala unha serie de observacións.

Con data 14/09/2012 núm. de rexistro de entrada 1.474 preséntase “Proyecto Básico y de Ejecución de galpón”, redactado polo mesmo arquitecto, e visado o 05/09/2012 no que consta nomeamento de dirección de obra visado na mesma data.

Visto informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, con data 19/09/2012 que consta no expediente ao que queda condicionando a licenza e indicando que o proxecto cumpre coas condicións xerais de volume, hixiénicas e de parcela establecidas no artigo 31 do PXOM; e informe de Secretaria municipal de data 25/10/2012.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D.

Manuel Taboada Veiga, con DNI nº 76474133F (LO 31/2012) conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo; cun orzamento de execución material de 10.325,00 Euros, sendo director de obras D. Manuel Varela Caabeiro, parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario denso.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- As obras a realizar consistiran na construción dun galpón de 54 m2, cunha dimensión de 9x6. A cimentación será a bases de zapatas illadas e vigas de atado, resolvéndose a estrutura mediante fiaves de formigón. A estrutura horizontal farase mediante vigas pretensadas de formigón. Os cerramentos serán de bloque de formigón e a cuberta de tella de fibrocemento. A soleira será de formigón de 15 cm, e o portalón será de chapa metálica.
- Terase en conta o artigo 29.1 da Lei 9/2002.
- A edificación cumprirá coas distancias sinaladas no artigo 43.3 do PXOM.
- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais e baixo os condicionantes do que consta no expediente e se indica nos considerandos deste acordo.
- Cumpriranse as condicións establecidas con carácter xeral no art. 30 e art. 31 do PXOM
- A edificación non poderá ser destinada ao aloxamento de persoas nin sequera de xeito temporal.
- As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordos coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento, deberán manter semellantes características de calidade, polo que se se empregan materiais tipo tixolo ou bloque, será necesario o seu revestimento e pintura, así mesmo en cubertas poderanse empregar materiais non cerámicos pero de calidade suficiente segundo os criterios expresados anteriormente.
- A autorización esixe ter resoltos, con carácter previo e a costa do promotor, ao menos os servizos de acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación e tratamento de augas residuais e subministro de enerxía eléctrica, o, en outro caso, garantir a execución simultánea coa edificación.
- Condicionantes sinalados nos informes técnicos e xurídicos indicados nos considerandos deste acordo.
- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- As obras deberán comezar no prazo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos dende a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 30/2012

Presuposto de execución material da obra axustándose ao Anexo I da Ordenanza reguladora do ICIO: 10.325,00 Euros.

Liquidación 2%: **206,50 €**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo ao interesado, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

**4.1.4.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 32/2012) PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR DE CORREDOIRAS PARROQUIA DE**

## **ÁNXELES, EXPEDIENTE TRAMITADO A INSTANCIA DE D. JOSE ANTONIO GARCIA RAMOS.**

Visto o procedemento tramitado a instancia de D. Jose Antonio García Ramos con DNI 30569855A e domicilio no lugar de Campo da Lanza, 4 Ánxeles, con rexistro de entrada no concello nº 82 de data 20/01/2012 para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Corredoiras parroquia de Ánxeles, pertencente a este termo municipal (solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso, atopándose a parcela afectada pola estrada CP-1001 da Deputación Provincial e pola policía de augas) conforme ó proxecto básico redactado polo arquitecto D. Manuel Varela Caabeiro Colexiado nº 2117 sen visar, así mesmo co proxecto presentase informe favorable do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial.

Con data 16/02/2012 o técnico urbanístico municipal emitiu informe sinalando unha serie de observacións.

Con data 06/03/2012, rexistro de entrada 301 presentan documentación relativa a correccións solicitadas polos servizos técnicos municipais, entre elas Anexo a memoria, nomeamento de dirección de execución de obra a nome de David Couselo Méndez Colexiado nº 1317 e solicitude ante Augas de Galicia.

Con data 14/03/2012 o técnico urbanístico municipal emitiu informe sinalando unha serie de observacións.

E con data 23/03/2012, rexistro de entrada nº 350 presentan proxecto de execución redactado polo mesmo técnico e visado polo Colexio de Arquitectos de Galicia con data 12/03/2012 e nomeamento de Dirección de obra, visado, estatística de edificación e vivenda e estudio xeotécnico, redactado polo mesmo técnico e visado polo Colexio de Arquitectos de Galicia con data 12/03/2012.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior do servizo técnico municipal asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiros de camiños, canles e portos, con data 02/05/2012 que consta no expediente e visto informe de Secretaría municipal de data 25/10/2012.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. Jose Antonio García con DNI 30569855A e domicilio no lugar de Campo da Lanza, 4 Ánxeles, con rexistro de entrada no concello nº 82 de data 20/01/2012 para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Corredoiras parroquia de Ánxeles, pertencente a este termo municipal (solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso, atopándose a parcela afectada pola estrada CP-1001 da Deputación Provincial e pola policía de augas) conforme a documentación mencionada nos considerandos deste acordo, cun orzamento de execución material de 92.341,08 Euros, sendo nomeado director de execución de obra D. David Couselo Ménez Colexiado nº 1317 e director de obra D. Manuel Varela Colexiado nº 2117 e visado polo COAG en data 12/03/2012.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo de doutras autorizacións sectoriais.
- .- Terase en conta o artigo 29.1 da Lei 9/2002.
- .- Segundo o solo no que se pretende a construción deberá respetarse o artigo 89 do PXOM de Boimorto, tendo en conta que se ve afectado polas condicións edificatorias sinaladas no artigo 29.1.
- .- Conforme ao proxecto presentado as obras non poderán iniciarse ata a elevación a escritura pública da cesión de viais a favor do Concello, superficie obxecto de cesión dos que

serán cedidos no vial municipal de 37,50 m<sup>2</sup> (5 m ao eixo da vía )e a CP 1001 (7m ao borde da beirarrúa) 115,50 m<sup>2</sup>, conforme o plano nº 3 Urbanización.

.- Cumprirase a normativa do Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

.- Necesaria obtención de licenza de primeira ocupación (Lei 8/2012 de 29 de xuño, artigos 42 e 44) que se solicitaría presentando certificado final de obra do técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada, e solicitude de previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais en aplicación do artigo 195 da LOUGA para a obtención de licenza de primeira ocupación.

A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, do saneamento, da electricidade, do gas, das telecomunicacións e doutros servizos comunitarios.

.- De conformidade co disposto nos artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinala construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra establecido segundo o Anexo I da Ordenanza Fiscal nº 3 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO): 92.341,08 Euros.

Liquidación 2%: **1.846,82 €**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo ó interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

#### **4.1.5.- RECTIFICACIÓN DA LIQUIDACIÓN PRACTICADA NA LICENZA DE CAMBIO DE USO A NOME DE D. JESÚS JAVIER CORRAL CEA OUTORGADA NA SESIÓN DE 27/09/2012**

Visto o expediente tramitado a instancia de D. Jesús Javier Corral Cea (R.E. Núm. 1487/12) solicitando licenza de cambio de uso de licenza de exposición e venda de pequeno material de construción ao uso de local comercial para actividade de bazar, servizos 1ª categoría, comercio; licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 27.09.2012

Visto o artigo 6º 3) da Ordenanza Fiscal nº 5, reguladora da taxa pola licenza de apertura de establecementos no que di “*En caso de variación ou ampliación de actividade realizada no establecemento suxeito, da cota que resulta por aplicación dos apartados anteriores deste artigo, deducirase o devengado por este concepto tributario con ocasión da concesión das anteriores licenzas de apertura, sendo a cantidade a ingresar a diferenza resultante*”.

Visto que existe un erro na liquidación practicada, ao non ter en conta a concesión da anterior licenza de apertura outorgada pola Comisión de Goberno en sesión de data 14.06-2001 na que se lle practicou unha liquidación por importe de 221,95 Euros e que foi aboado con data 05/07/2001

En aplicación do artigo 105 da Lei 30/1992 de Réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Rectificar o erro no acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 27/09/2012, suprimindo o apartado segundo onde se aproba a liquidación da taxa por licenza de apertura de establecemento por importe de 220,82 €uros ao non existir variación na superficie.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado.

#### **4.2.- OBRAS SERVIZOS**

##### **4.2.1.- OFERTA MÁIS VENTAXOSA DA OBRA “MELLORA DO ENTORNO DO ALBERGUE DE BAIUCA” POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO (EXPTE: COPNSP 2/2012)**

Visto o expediente de procedemento negociado tramitado en relación coa obra subvencionada pola Excm. Deputación Provincial da Coruña no marco do Convenio polo que se outorga unha subvención nominativa para a execución da obra “Mellora do entorno do albergue de Baiuca”.

Iniciado e aprobado dito expediente por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 27/09/2012, constando no expediente informe de data 27/09/2012 de Secretaría Intervención en relación con esta contratación e de existencia de crédito de Secretaría Intervención en relación á partida orzamentaria municipal para a anualidade 2012 15.61900, sobre a que se suplementou crédito or 762,71 €uros para a asunción do incremento do IVE 3% quedando o orzamento final de 30.762,71 €uros.

Remitidas invitacións para participar a: Antonio Filloy, S.A. CIF: A-36016665; Construcciones González y González, S.L. CIF: B-15165004 e Martínez Montes e Hijos, S.L. CIF: B-15025372.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola secretaria en data 20/10/2012 que se reproduce literalmente:

<<REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ, SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

CERTIFICO:

Que en cumprimento do acordo adoptado en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada en data 27/09/2012 remitidas invitacións para a súa participación no procedemento negociado sen publicidade de contratación da obra de “Mellora do entorno do albergue de Baiuca” e outorgado un prazo de oito días naturais para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas na data de hoxe presentanse por rexistro de entrada neste Concello:

.- Construcciones González y González, S.L. (con CIF B-15165004) presenta:

Sobre A con entrada nº 1675 en data 17/10/2012

Sobre B con entrada nº 1676 en data 17/10/2012

Sobre C con entrada nº 1677 en data 17/10/2012

.- Antonio Filloy, S.A. (con CIF A-36016665) presenta:

Sobre A con entrada nº 1695 en data 19/10/2012

Sobre B con entrada nº 1696 en data 19/10/2012

Sobre C con entrada nº 1697 en data 19/10/2012

.- Martínez Montes e Hijos, S.L. (con CIF B-15025372) presenta:

Sobre A con entrada nº 1698 en data 19/10/2012

Sobre B con entrada nº 1699 en data 19/10/2012

Sobre C con entrada nº 1700 en data 19/10/2012

E para que conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Alcalde, en Boimorto a vinte de outubro de dous mil doce.

Vº e prace

O alcalde:

A Secretaria:



Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>>

Non sendo necesaria a constitución da mesa de contratación, procédese pola secretaria á apertura de sobres A presentada por Construcciones González y González, S.L.; Antonio Filloy, S.A e Martínez Montes e Hijos, S.L.; sobre relacionado coa acreditación de capacidade quedando ambas empresas acreditada a capacidade e solvencia de ambas segundo a documentación aportada e os pregos que rexen a presente licitación.

Continúa a secretaria coa apertura dos sobre B das tres empresas e tendo en conta o regulado no prego de cláusulas administrativas particulares así como no artigo 151 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**ÚNICO.-** Remitir aos servizos técnicos municipais os documentos que integran o sobre B: referencias técnicas para que emita o informe técnico de valoración tendo en conta os criterios de adxudicación previstos na cláusula 15 en relación co Anexo IV do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aplicables a esta contratación.

#### **5.- ASUNTOS ECONÓMICOS**

##### **5.1. APROBACIÓN DE FACTURAS**

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**


**ÚNICO.-** Aprobar as seguintes facturas:

<b>Nº Factura / Data</b>	<b>Titular NIF/CIF</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe</b>
Tickets 19/09/12	Autopistas del Atlántico A-15020522	Peaxe viaxe á Coruña comprar material para Festival de la Luz Peaxe viaxe á Coruña levar documentación á Deputación e Xunta de Galicia	3,40 €
Tickets 29/09/12 □			3,40 €
E-27-24/10/12	Boimorto-Vilasantar Veterinarios, S.L. B-15668023	Microchip cadeliña labradora da residencia e vacinas	72,60 €
Recibo	Deputación Provincial da Coruña	IBI urbana do edificio da antiga cámara agraria exercicio 2012	152,46 €
2012/291-15/09/12	Grafi Ideas, Diseño y Rotulación, S.C. / J15631252	Subministro de carteis indicativos Festival de la Luz	1.316,48 €
1019-24/10/12	Jesús Verea Sánchez / 76487963Z	Porta para o polideportivo municipal	666,53 €
1020-24/10/12		Ventás e porta de aluminio para a antiga caseta de lagoeiros de Vieite	4.033,47 €
6650000213-31/08/12	Geriatría Siglo XXI, S.L.U. / B61523551	Prestación servizo comidas centro residencial e comidas externas período 01/08/12-31/08/12	5.233,54 €
6650000253-30/09/12		Prestación servizo comidas centro residencia e comidas externas período 01/09/12-30/09/12	713,56 €

T 1203490-22/10/12	Autos Lobelle, S.L. / B-15718075	Revisión Qashqai matrícula 5895 GZW	354,99 €
A/5-18/10/12	Mercedes Seoane Bravo 33240065M	Corona de flores defunción do pai de José Luis Rivas Cruz	181,50 €
B/1448-01/10/12	Oscar Carreira García 78796945A	Material de limpeza para a miniresidencia e centro de día	414,32 €
B/1447-01/10/12		Material de limpeza para o Festival de la Luz	537,97 €
F12/05504-09/10/12 □	Arzuagas, S.C. / J-15927882 □	Subministro de tres cargas de propano para a □ miniresidencia	201,01 €
C 85.801-15/10/12	Recambios Santiagueses, S.L. / B-15214349	Placa programador para o camión pequeno de recollida de lixo	841,56 €
12/559-22/10/12	Remuíño Servicios XXI, S.L. / B-15873193	Tóner para fotocopiadoras xulgado e intervención	184,53 €
10-26/09/12	Carpifogar, C.B. / E-70092556	Pancartas para carteis Festival de la Luz	155,55 €
234-28/09/12	Casa Zapateiro, S.L. / B15534555	Pan servido para o Festival de la Luz	300,00 €
89-28/09/2012	José Manuel Vereá Castelo / 33245534T	Material para o Festival de la Luz	953,48 €
A11000079-02/10/12	Francisco Javier Riveiro Castro / 32822621B	Deseño tríptico promocional e deseño stand Festival de la Luz 2012	605,00 €
A/476-27/09/12	Suministros Industriales Cire, S.L. / B15342652	Banda sinalización para o Festival de la Luz	283,14 €
12.397-02/10/12	Francisco Javier Sixto Nogueira / 76814906N	5000 cuadrípticos 4/4 tintas Festival de la Luz	562,65 €
004020-28/09/12	Fernando J. Sánchez García / 76505509B	Material de construción para reparación acceso recinto Festival de la Luz	238,85 €
13/000097-29/09/12	Medicampo, S.L. / B-15123722	Luvas para limpeza dos aseos Festival de la Luz	8,60 €
20120242-21/09/12	Sycigal, S.L. / B-15992100	Subministro de dous extintores para o Festival de la Luz	283,14 €
FV/122121-30/09/12	Ramón Pampín Bango, S.L. / B-15290430	16 quilogramos de ferro elaborado para elaboración de papeleiras Festival de la Luz	15,10 €
G120001261-30/09/12	Fripor, S.L. / B-15128143	Comidas para o Festival de la Luz	2.163,59 €
0 0012304-27/09/12	Suministros Industriales Cire, S.L. / B15342652	Aluguer de zanzadora para coloción de rede de abastecemento e saneamento para Festival de la Luz	404,62 €
3/12-16/10/12	María del Carmen Rey Seoane / 33289037X	Mandilóns e luvas para Festival de la Luz	228,40 €
B 162-29/09/12	Comercial Alonso Souto, S.L. / B-15987084	Malla ocultación verde 2x50 m para Festival de la Luz	124,12 €
B 935-21/09/12	Jobegosum S.L. / B70058268	Material médico para miniresidencia e centro de día	153,79 €
B 960-28/09/12		Material médico para	

		miniresidencia e centro de día	46,75 €
003 2012-31/08/12	O Espertar Servizos Sociais SL / B70253042	Prestación servizos DUE na miniresidencia e centro de día mes de agosto 2012	1.700,00 €
004 2012-30/09/12		Prestación servizos DUE na miniresidencia e centro de día mes de setembro 2012	1.700,00 €
203-440/12 F-03/10/12	Aquagest, S.A.U./A28220606	Control calidade auga do abastecemento municipal setembro 2012	485,10 €
950860667-30/09/12	Kone Elevadores, S.A. A-28791069	Servizo de mantemento do ascensor do colexio público de Boimorto mes setembro 2012	232,25 €
P 2012/11564-14/09/12	Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U. B70055504	Servizo de prevención período 16/09/12 ao 15/03/12	394,42 €
174-02/10/12	Noya y Louzao, S.L. / B-15817687	Reparación e novos mandos a distancia do portal do garaxe de protección civil	198,90 €
426-30/09/12	Oscar Vidal García / 79335867N	Reparación maquinaria	262,21 €
427-30/09/12		Reparación motor riego campo de fútbol	1.017,49 €
428-30/09/12		Reparación bomba na estación potabilizadora	183,63 €
446-30/09/12		Reparación campana extractora da cociña da miniresidencia e centro de día	385,43 €
852-11/10/12	Agromecánica Vicente García e Hijos, S.L. / B-15162910	Mantemento e reparacións pala, tractor e camiós	1.879,01 €
738-30/09/12	Juan López Sánchez 34258362T	Subministro de carburante para debrozadoras e motoserra	180,00 €
D-929-15/09/12		Subministro de gasóleo de automoción	3.383,67 €
D-950-21/09/12 □		Subministro de gasóleo calefacción miniresidencia e centro de día	1.920,00 €
1730 c-02/10/12	Jelu Hosteleria, S.L. B-27231505	Reparación lavadora, secadora e calandra da miniresidencia	396,88 €
2012/R0192-27/09/12	Sociedade Galega de Medio Ambiente / A-15379803	Factura rectificativa de RU do mes de xullo pola subida nun 2% do tipo impositivo do ive	59,52 €
2012/R0398-27/09/12		Factura rectificativa de RU do mes de agosto pola subida nun 2% do tipo impositivo do ive	69,78 €
2012/2495-30/09/12		Tratamento residuos urbanos mes de setembro 2012	3.133,98 €
0038/2012-26/09/12	Naría de las Mercedes Rodríguez Puyol / 2514358K	Liquidación do procedemento ordinario 1887/2008 interposto por AESFAL contra resolución de 20.05.2008	484,00 €
Recibo: 433401512-11/10/12	Mapfre Familiar, S.A. A28141935	Seguro remolque tractor período de vixencia: 10-10-12 a	

		10-10-13	202,41€
47600-19/10/12 □	Río Blanco, S.L. B-15424047	Hipoclorito sódico para o depósito de Boimil albarán 57148	283,14 €
80/12-31/08/12 □	Cerne Ingeniería, S.A. A15056468	Servizo de asistencia técnico-urbanística mes de outubro 2012	2.420,00 €
46-27/09/12	Maria Teresa López Alonso 76624257X	Servizo de podoloxía na miniresidencia e centro de día servizos externos mes de setembro 2012	336,00 €
0000117-01/10/12□	TDS Consultores, S.L. B-47207634	Mantenemento aplicación Geriges mes de outubro 2012	95,59 €
4000993271-30/09/12 □	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.A. / ESA-83052407	Franqueo pagado mes de setembro 2012	207,84 €
687.153-01/10/12 687.810-01/10/12□	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor casa consistorial mes outubro/12 Mantemento ascensor Centro Residencial mes outubro/12	319,63 € 319,90 €
A-V2012-00002159953-19/09/12	Mercadona, S.A. / A-46103834	Material de aseo para os usuarios da miniresidencia	39,00 €
01590203136-02/10/12	Aki Bricolaje España S.L.U. / B83985713	Catro estanterías para a miniresidencia	39,80 €
2F/130-24/10/12	Desguaces a Gándara, S.L. / B-27024645	Cristal para o Mitsubishi matrícula C-7737-BJ	72,60 €
Autoliquidación A-7089187	Consellería de Economía e Facenda	Pago de taxa venda de papel numerado para transcripción de actas e decretos	60,00 €
20-22/10/12 22-24/10/12 23-24/10/12 24-24/10/12 25-24/10/12 26-24/10/12 27-24/10/12  28-24/10/12 29-24/10/12 30-24/10/12	Mª. Lourdes Vereá Seoane / 76510236T	Material para Festival de la Luz Material para o colexio Material para a miniresidencia Material para o polideportivo Material para o albergue Material para a piscina Material para a caseta de información Material de mantemento Material servizo de augas Material carreira pedestre	712,10 € 67,95 € 87,05 € 11,00 € 8,35 € 27,60 €  4,90 € 116,40 € 304,85 € 5,90 €
Relación de data 16/10/2012. Rexistro de entrada nº 1665□	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. / A-65067332	Recibos de subministro de luz ao alumeadado público Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	4566,50 € 799,93 €
03120810090626-20/08/12  03120810303779-29/08/12  03120810303156-	Unión Fenosa Comercial, S.L. B82207275	Recibo de subministro de luz ao campo de fútbol período 11-07-12/13-08-12 Recibo de subministro de luz ao polideportivo período 11-07-12/10-08-12 Recibo de subministro de luz ao	531,26 €  75,83 €

29/08/12		colexio período 11-07-12/10-08-12	149,66 €
03120810138593- 21-08-12		Recibo de subministro de luz piscina municipal período 11-07-12/13-08-12	905,23 €
03120810063730- 18-08-12		Recibo de subministro de luz casa consistorial período 04-06-12/03-08-12	531,57
03120810112396- 20-08-12		Recibo de subministro de luz miniresidencia e centro de día período 11-07-12/10-08-12	1.504,89 €
03120810066100- 18-08-12		Recibo de subministro de luz alumeado da Gándara período 04-06-12/03-08-12	934,24 €
03120810066100- 18-08-12		Recibo de subministro de luz estación potabilizadora período 11-07-12/13-08-12	3.892,95 €
03120810129460- 21-08-12 Rexistro de entrada 1664 Data: 16/10/12			
28-J282-174182 01/10/12	Telefónica Móviles España, S.A. A- 78923725	Recibo teléfonos móbiles período 18/0/08/12 a 17/09/12	260,01 €
TA4650504564	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono servizos sociais	39,04 €
TA4650504563		Recibo teléfono xulgado de paz	
TA4650516912		Recibo teléfono ascensor concello	24,48 €
TA4650517254		Recibo teléfono oficinas Concello	16,91 €
TA4650524293		Recibo teléfono baixo concello Recibo teléfono PAI	427,74 €
TA4650504566		Recibo teléfono ascensor miniresidencia	70,44 €
TA4650526387		Recibo teléfono miniresidencia	29,45 €
TA4650526949		Recibo teléfono centro social municipal de maiores	19,94 €
TA4650519831			124,85 €
TA4650518518 19/10/12			

**5.2.- ESCRITO DE D. JOSÉ RAMÓN SEOANE MATO, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DE FIANZA DEPOSITADA COMO DEPÓSITO E TRANSPORTE DE MADEIRA DE CORTA**

Dáse conta do escrito de D. José Ramón Seoane Mato, con DNI número 78786111W e enderezo a efectos de notificacións en R/ Ramón Franco nº 209, 15810 Arzúa, actuando en representación da empresa Comercial Seoane S.L., solicitando a devolución da fianza de 300 Euros depositada para responder de posibles danos non reparados voluntariamente en relación coa licenza, depósito e transporte de madeira de corta na finca 326 polígono 506 na parroquia de Ánxeles pertencente a este Concello para a especie de "eucaliptos".

Visto o informe emitido polo servizo de asistencia técnico-urbanística deste Concello, de data 24/10/2012, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Proceder á devolución da fianza solicitada, xa que as vías públicas non sufriron danos, atopándose limpas.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

### **5.3.- ESCRITO DE D. JULIO VÁZQUEZ SEOANE, SOLICITANDO A BONIFICACIÓN DO 100% NO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

Pola secretaria dáse conta da solicitude e documentación presentada por D. Julio Vázquez Seoane, con DNI nº 76514943S, e con domicilio para os efectos de notificación no número 2 da Estrada de Sendelle, parroquia de Boimorto, solicitude con entrada no concello nº 1569 con data 01/10/2012, na que solicita a bonificación do 100% do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo matrícula C-6259-AC, marca Ford, modelo Fiesta 1 1.

Vista a ordenanza fiscal nº 2 reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica artigo nº 9

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Reconocer, con efectos desde o 01.01.2013, a Julio Vázquez Seoane como titular do vehículo matrícula C-6259-AC o dereito da bonificación solicitada.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado co réxime de recursos e déase traslado do seu contido ao Servizo de Xestión Tributaria da Deputación Provincial da Coruña.

### **5.4.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA SELECTIVA ENVASES LIXEIROS**

Pola secretaria dáse conta das facturas xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes aos meses de setembro e outubro da recollida selectiva de envases lixeiros:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Setembro 2012	177/2012	Recollida selectiva	584,19	58,42	642,61
Setembro 2012	178/2012	Plus adicional por transporte ata planta de selección	4,12	0,41	4,53
Outubro 2012	180/2012	Recollida selectiva	584,19	58,42	642,61
Outubro 2012	181/2012	Plus adicional por transporte ata planta de selección	4,12	0,41	4,53

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar as facturas expresadas na parte expositiva deste acordo.

**SEGUNDO.-** Remitir as facturas números 177, 178, 180 e 181 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

### **5.5.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA MONOMATERIAL DE PAPEL-CARTÓN EN CONTENEDOR**

Pola secretaria dáse conta da factura xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes aos meses de setembro e outubro da recollida monomaterial de papel-cartón:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Setembro 2012	179/2012	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	76,49	7,65	84,14
Outubro 2012	182/2012	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	62,04	6,20	68,24

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a factura expresada na parte expositiva deste acordo.

**SEGUNDO.-** Remitir as facturas números 179 e 182 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos decretos números 303 e 317 ditados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:25 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez